

ASOCIACIÓN

“Columba” quiere recupera-lo pasado de Cobas

BEA ANTÓN

Hai tres anos Juan Carlos López Hermida e Dolores González López empezaron a percorrer sen descanso os arquivos e bibliotecas de Galicia co fin de recopilar documentación sobre a historia de Cobas. Ademais do indubable interese histórico

Entre as informacións recollidas fixéronse nun xornal do 1913 no que se falaba do “Centro Cultural de Campesinos

organizaba charlas sobre agricultura, conferencias, bailes e excursións- e foi entón cando se lles ocorreu a idea de crear unha entidade cultural nun lugar que non contaba cunha asociación deste tipo dende os anos sesenta, cando existía a “Sociedade Recreativa e Cultural”.


Juan Carlos e Dolores contactaron con outras persoas coas mesmas inquietudes por Cobas e xuntos constituiron a “Sociedade Cultural Columba” en novembro do ano pasado. “Percibíamos unha falta de interese polo que somos e tamén unha falta de

identidade. Con esta sociedade queremos lembrar que Cobas é un sitio con moita historia, aínda que a maioría da xente pareza descoñecela, e tamén infundir un pouco de autoestima polo que somos”, explica Dolores González.

O primeiro paso de Columba foi a organización dunha mostra fotográfica que

cotidianas do Cobas da primeira metade de século. A exposición, que se clausurou o pasado 16 de marzo, perseguía un obxectivo: “por unha banda queríamos rendir homenaxe as persoas que viviron no Cobas doutro tempo reactivando a memoria da xente do Cobas de hoxe en día e por outra, recaudar fondos para a restauración da capela de Santa Comba a través da venta das copias das fotografías que constituen a mostra”.

Aínda que os ingresos da exposición están lonxe dos 3 millóns de pesetas necesarios para levar a cabo o proxecto de restauración da capela, elaborado por eles mesmos, confían en que o Bispado apoie economicamente a iniciativa. Na actualidade “Columba” ten 62 asociados ademais dos socios colaborado-



res. A pesares de que só contan coas cuotas anuais de 2000 pesetas que pagan os socios para realiza-las actividades, as necesidades económicas non lles quitan o sono. Dolores asegura que o que buscan é que “a xente participe e tome interese polo que estamos a facer” e engade que “aínda que este ano non nos deu tempo a optar ás subvencións,

contamos co respaldo absoluto dos veciños, da Cooperativa de Cobas, dos socios e do sacerdote da vila, José Carlos Moreno Barragán, que nos axudou moito”.

Entre os próximos proxectos de “Columba” (a organización de conferencias, unha exposición de pintores ferrolanos e un curso de teatro) destaca a publicación

dunha revista que verá a luz no verán. Nela se recollerán temas actuais de Cobas, sobre a súa historia, fauna e flora ademais de fomentar e ofrecer información sobre a recuperación do patrimonio da vila (fontes, casas do século XVII, lavaderos, etc).